

Nota de prensa
do SLG

12-11-2008

O SLG alerta da inclusión de variedades vexetais modificadas xeneticamente no Rexistro de Variedades Comerciais permitidas no Estado español

O BOE nº273 correspondente ao día de hoxe, 12 de novembro do 2008, especifica na *ORDENARM/3236/2008, de 24 de outubro*, a inclusión no *Registro de Variedades Comerciales* permitidas no Estado español de diversas variedades vexetais modificadas xeneticamente pola polémica multinacional MONSANTO.



Trátase das variedades de millo transxénico 20070076 *Consuelo YG* (OGM-MON810), 0050332 *EC6303EZA1* (OGM-MON810) e a inscrición provisional 20070175 *PR32D80* (OGM-MON810).

Dende o Sindicato Labrego Galego reiteramos a denuncia da perigosidade que os alimentos modificados xeneticamente constitúen para a saúde tanto animal como humana, xa que a propia comunidade científica non mantén un posicionamento unánime, co que debería primar por parte dos gobernos o *principio de precaución* e a non autorización.

Non nos atopamos xa perante da permisividade cos cultivos experimentais na Galiza, feito diante do cal a sociedade galega vén de se pronunciar contraria nestes mesmos días, senón que mediante a publicación desta *ORDEN ARM/3236/2008* outórgase o consentimento para a súa comercialización, permitindo polo tanto a sementeira de campos transxénicos no noso País.

Devandita permisividade é a materialización da grande ameaza que se cerne sobre Galiza, un territorio eminentemente rural, que conta con variedades autóctonas de

milho, e cuxas plantacións sufrirían inevitabelmente a contaminación destes organismos alterados xeneticamente. A coexistencia é imposíbel.

A menos dun mes de que no Parlamento galego se vaia a someter a debate unha moción para a declaración da Galiza como zona ceibe de transxénicos, o pronunciamento do MARMA constitúe unha resposta, coidamos que “non casual”, que podería condicionar o proceso de discusión e aprobación da mesma.

Repetimos que o consentimento de comercialización de variedades transxénicas aprobado polo MARMA contraponse á sensibilidade social do pobo galego, constituíndo ademais un acto de irresponsabilidade perante do coidado da saúde pública, deixando a mercede das ganancias das multinacionais a saúde da humanidade.

Dende o Sindicato Labrego Galego, condenamos esta escandalosa supeditación lexislativa aos intereses económicos das multinacionais da alimentación.

A aprobación da sementeira e comercialización de millo transxénico constitúe un duro ataque contra a nosa biodiversidade, así como das expectativas para a consecución da soberanía alimentaria para Galiza, obxectivo plantexado coma protagonista en recentes foros sociais (Marcha Mundial das Mulleres) e aspiración principal do Foro Social Galego que terá lugar no mes de decembro.

Moitas grazas pela vosa atención.

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

Charo Sánchez Parga, Secretaria de Medioambiente, Terra e Montes

TLF: 669 651 700

Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,

TLF: 619 348 426